

## **Pasaportes Fitosanitarios. Definición.**

O Pasaporte Fitosanitario consiste nunha etiqueta, que pode ser completa ou simplificada (achégase cun documento, xeralmente albaran) que acompañará a determinados vexetais ou produtos vexetais para poder circular dentro do espazo sin fronteiras da UE, e que serven como garantía de que os mesmos foron producidos por entidades inscritas no Rexistro Oficial e sometidas (por ditas entidades) aos pertinentes controis e/ou tratamentos fitosanitarios.

### - Tipos e necesidade de pasaporte fitosanitario.

A obrigatoriedade de expedir pasaportes fitosanitarios depende do material vexetal con que traballa unha empresa (especie e parte do mesmo). Ademais o tipo de actividade desenvolvida pola empresa (produtor, comerciante ou produtor-comerciante) condiciona a posibilidade de que sexa necesario o uso de pasaporte con distintivo "RP", e o destino xeográfico da mercancía condiciona a posibilidade de que sexa necesario un pasaporte con distintivo "ZP".

- ✓ **Pasaporte fitosanitario "PF"**: Determinados produtos vexetais (non todos) o requiren para circular por calquera lugar da UE.
- ✓ **Pasaporte fitosanitario "ZP"**: Determinados produtos vexetais requiren levar un pasaporte fitosanitario con distintivo "ZP" para poder ser enviados desde calquera punto da UE ás denominadas Zonas Protexidas. Unha zona protexida é unha zona da UE na que non son endémicos nin se atopan establecidos un ou varios dos organismos nocivos do que a súa presenza existe constancia nalgunha parte da UE, aínda cando as condicións en dita área poden ser favorables ao establecemento de determinados organismos nocivos a causa de condicións ecolóxicas favorables. Polo tanto, esta zona protexida, o é para un organismo concreto, e os vexetais considerados hospedantes de dito organismo deben levar un pasaporte fitosanitario con distintivo "ZP" para ser enviados á correspondente zona protexida.
- ✓ **Pasaporte fitosanitario "RP"**: Este distintivo indica que se trata dun pasaporte de substitución e debe utilizalo a entidade (Comerciante ou Produtor-Comerciante) que recibe unha mercancía (vexetal ou produto vexetal), que ven con pasaporte "PF" e a divide en partidas e esta partida resultante, a acompañará co seu correspondente pasaporte de substitución. (Exemplo 20.000 pinus que chegan ao viveiro e logo se dividen en diversos lotes, cada lote comercializado sairá ao menos cunha etiqueta onde constarán os números de rexistro do "noso viveiro" e o da empresa proveedora da partida (RP). Pola a súa parte, un pasaporte "ZP" pode ser substituído por outro pasaporte "ZP" nas mesmas condicións que as explicadas para o "RP", en ámbolos dous casos, deberá engadirse o número de rexistro do produtor en orixe.

### - Determinación dos Pasaportes Fitosanitarios (ver anexo).

- ✓ **"Non"**: O "caso vexetal" non necesita o pasaporte fitosanitario sinalado ("PF" ou "ZP").
- ✓ **"So prof. cult"**: O "caso vexetal" so necesitará o pasaporte fitosanitario sinalado ("PF" ou "ZP") si se destina a persoas adicadas profesionalmente ao cultivo de vexetais, distintos dos vexetais, produtos vexetais e demais obxectos preparados e listos para a venda ao consumidor final, e para os que os Organismos responsables oficiais dos Estados membros garantan que a produción tivo efecto de de maneira claramente separada da doutros produtos. Isto exclúe da necesidade de expedir pasaporte para estos "casos vexetais" as empresas que a súa produción vai destiñada a non profesionais ou a Garden Centers, sendo necesarios soamente para aquelas empresas que destiñan os seus produtos profesionais do cultivo.  
Neste senso, considerarase profesional do cultivo:

I.- Aos viveiros produtores.

II.- A aqueles produtores, con independencia do tamaño da súa explotación que acaben comercializando os vexetais que adquiriron, ben na súa totalidade, ou ben nalgunha das súas partes.

III.- A toda persoa física ou xurídica que destina a mercancía a reforestación ou axardinamentos de grandes superficies, tanto se os entornos son propios como alleos.

Non se considera profesional do cultivo:

IV.- Aos agricultores para autoconsumo e aos viveiros que compren plantas preparadas e listas para a súa comercialización ao destinatario final cando este sexa un no profesional (Centro de xardineiría ou Garden Center).

✓ **Sempre:** O "caso vexetal" sempre necesita Pasaporte fitosanitario.

Abreviaturas:

AT (Austria), BE (Bélxica), CY (Chipre), CZ (República Checa), DE (Alemania), DK (Dinamarca), EE (Estonia), EL (Grecia), ES (España)  
FI (Finlandia), FR (Francia), HU (Hungría), IE (Irlanda), IT (Italia), LT (Lituania), LU (Luxemburgo), LV (Letonia), MT (Malta), NL (Países Baixos),  
PL (Polonia), PT (Portugal), SE (Suecia), SI (Eslovenia), SK (Eslovaquia), UK (Reino Unido)

#### - Exemplos e características dos modelos de pasaportes.

Hai que sinalar que tanto no modelo A como no modelo B (máis documento de acompañamento) levarán impresos os 10 puntos que a continuación se detallan:

#### **1.- Pasaporte Fitosanitario CE**

**2.-** Nome ou código do estado membro, ESPAÑA: **ES**

**3.-** Nome ou código do organismo responsable (Galicia): **11**

**4.-**Número de Rexistro: **XX**: Código provincial.-**XXXX**: Número secuencial de rexistro.

**5.- N° de lote:** Número determinado de unidades dun mesmo produto identificables pola homoxeneidade da súa composición e orixe incluídas nun mesmo envío.

**6.- Nome latino:** Nome da especie en latín.

**7.- Cantidade:** Número de plantas.

**8.- Distintivo ZP:** se procede e nome da zona ou zonas protexidas para as que se autoriza a circulación.

**9.- Distintivo RP:** Se procede o número de rexistro do produtor orixinario.

**10.-País de orixe:** Ou de procedencia dos produtos (cando non sexa membro da UE).

Deste xeito o modelo A quedaría da seguinte maneira:

#### **MODELO A: ETIQUETA COMPLETA**

	Pasaporte fitosanitario CE	N. de rexistro: ES-11-XX-XXXX
	Nome latino:	País de orixe: ZP:
	N° de lote:	Cantidade: RP:

## MODELO B: ETIQUETA SIMPLIFICADA E DOCUMENTO DE ACOMPAÑAMENTO

<b>Pasaporte fitosanitario CE</b> Nº. de rexistro: <b>ES-11-XX-XXXX</b> Nº. lote: <b>ZZZ</b>
--

A etiqueta simplificada irá acompañada de un documento de acompañamento (albarán, factura o calquera documento dos usados normalmente con fines comerciais) e éste debe conter a mesma información que se recolle no modelo de etiqueta completa (modelo A).

"Modelo documento de acompañamento"

NOME LATINO	CANTIDADE	Z.P.	R.P.	PAIS DE ORIXE

### Aprobación dos modelos de etiqueta.

Para a súa **aceptación**, os pasaportes deben presentar unhas mínimas características homoxéneas. A orde de 17 maio de 1993 establece que o Pasaporte fitosanitario debe cumprir as seguintes condicións:

- As etiquetas non se utilizarían previamente e deben de ser de material axeitado e suficientemente resistente aos efectos da humidade e outros axentes que poidan deteriorala.
- As etiquetas para a súa aprobación, presentaranse co campo do número de rexistro cuberto, os demais campos (nome latino, pais de orixe... etc...) permanecerán baleiros.